



Medio Ambiente
Expte. 2025/FIT-08
Expte TEDEC. 2025/X006/001226

ANUNCIO Á VECIÑANZA

Infórmase á veciñanza que, consonte ao artigo 49.9 do Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, e na demais lexislación vixente en materia de sanidade vexetal e protección ambiental, está prevista a realización dun tratamento fitosanitario non agrario nas instalacións do REAL CLUB DE GOLF DE LA CORUÑA entre os días 1 e 11 de xullo de 2025.

O tratamento será realizado por AGROENXEÑERÍA GALEGA C.B, e está destinado ao control de *Clariireedia homoeocarpa*. Os produtos fitosanitarios a empregar estarán identificados na sinalización colocada nas instalacións, e son os seguintes: SIGNUM WG (nº rex. 23977).

As zonas tratadas estarán debidamente sinalizadas e permanecerán restrinxidas ao acceso segundo os prazos de seguridade establecidos.

Recoméndase á cidadanía que adopte as medidas de precaución oportunas e respecte a sinalización no lugar durante os días indicados.

Para máis información, poden dirixirse ao Concello (Departamento de Medio Ambiente)

Por Delegación, 1243/2025 de data 08 de maio do 2025
Asdo.- D. Víctor Merelas García
CONCELLEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE MEDIO AMBIENTE
Asinado dixitalmente na data do documento electrónico.